



**BIBLIOTECA vivente**

A Lingua Viva



CONCELLERÍA  
DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

ALCALDÍA





Estamos no ano 2000 despois de Xesucristo.

En toda a Francia fálase francés. En toda? Non!

Unha península con irreductibles bretóns e bretoas resiste áinda e sempre ao monopolio da lingua francesa. E a vida non é doada: as institucións, a educación, a vida administrativa, as decisións... todo se xesta en París...

A heroína destas aventuras é unha viguesa de adopción co espírito astuto e intelixencia viva. As más importantes misións sonlle confiadas sen dúbida algunha.

## **PRIME TIME MADE IN GALICIA**

Mareas vivas ... 50% share  
Pratos combinados ... 49% share  
Matalobos ... 23,5% share  
Libro de familia ... 29,9% share  
Terra de Miranda ... 24,08% share  
As Ieis de Celavella ... 21% share  
Pepe O'Inglés ... 18% share  
Rías Baixas ... 16,7% share  
Os Atlánticos ... 13,73% share  
Padre Casares... 28,32% share  
**E ti, que miras cando me  
miras? Míraste?**





# O GALEGO OU É GALEGO-PORTUGUÊS OU É GALEGO-CASTELHANO

R. CARVALHO CALERO  
LETRAS GALEGAS

## DO Ñ AO NH

Yo fui educada en castellano: tanto en casa como en el colegio, a mí me hablaban siempre en castellano, como a tantos y tantos de mi generación... Al cumplir los 18 me fui a estudiar a Madrid y allí se hizo evidente la consideración de una identidad propia: empecé a ser más consciente do significado da existencia de identidades e culturas diferentes dentro do estado español: non é o mesmo criarse en Cornellá, que criarse en Úbeda, en Gernika ou en Vincios... E a lingua é fundamental... Así que comencé a falar galego como xeito de reivindicar e reforzar a miña identidade!

Desde que volví a Galiza, há já algunos anos, o galego-portugués é a minha lingua...

ALGO FALLA NA TÚA TESTA... DIS QUE ES GALEGO? EN GALEGO, POIS,  
REPRESENTA! XA SEI QUE FUNCIONA ASÍ NA CIDADE, AS RAÍCES, O GLOBAL, COMPITEN NA  
SOCIEDADE.

XA TESES UNHA IDADE. DEBERÍAS DE PENSAR NO QUE É BO PARA A  
GALEGUIDADE, ESA QUE DIS AMAR. O DIFÍCIL AQUÍ É APOSTAR, O SÍNEXO AQUÍ É  
RECOTER. APRENDE A SUPERARTE IGUAL QUE O FIJO A NUNCA.

DIN QUE NINGUÉN É PROFETA NA SÚA TERRA. EU DIGO QUE O  
QUE O DIGA SÓ DI MERDA. TI ES TAN MODERNO QUE NON TESES IDENTIDADE PROPIA NENO,

TI SOAMENTE ES UNHA PUTA COPIA.

EU TEÑO FANA DE SACHAR, CANDO FALO VOU DERETÍÑO. VOU, VOU CARA  
AO MAR, CHAMÁDENE RÍO MIÑO. LEMBRO QUE NA ESCOLA ENSINÁRONME EN CASTELÁN  
SE EN ALGUNHA DE ME COLA É PRODUTO DAQUEL PLAN DANDO O EXEMPLO O CATALÁN  
DEFENDENDO A SÚA LINGUAJE. XA NON CHE SOA TAN MAL, CANDO CHE FALAN DE TRAXE.  
HAI XERACIÓNES QUE SUFRIRON A REPRESIÓN. PESAN OS SÉCULOS ESCUROS NO FONDO  
DO CORAZÓN HOXE O PEOR QUE PODES SER É UN GALEGO CON COMPLEXO.

G  
A  
A  
A  
-L

-EGO !!!!!

De Galitzia  
a Galicia



Dende a capital cultural da vella Galitzia polaca,  
emocionada tomou terra na verde Galicia da fin do  
mundo. Levaba a maleta cargadiña con fermosas  
palabras que alá aprendera, disposta a ser quen de  
vivir e soñar na noble lingua de reis e cantigas.  
Mais axiña se topou con esquizofrénicos contros e  
barreiras que atrancaban o seu devozo... A pesar de  
todo, ela insistiu: abriu a maleta e iluminou...

TÍTULO: En busca da lingua perdida

PAÍS: Galicia

ESTREA: 22/11/11

PRODUTORA: Concello de Vigo

CALIFICACIÓN: para todas as idades

XÉNERO: aventuras

SINOPSE:

Século XII: o galego é unha lingua culta, lingua de reis, de rica literatura nunca vista ata entón, de cantigas de amor e amigo...

Século XXI: O audaz Sr. X, adestrado na cosmopolita cidade condal, está disposto a correr as más intrépidas aventuras con tal de volver ver a lingua galega en todo o seu esplendor.

**PROXIMAMENTE ESTREA  
NO VERBUM-CASA DAS  
PALABRAS**



Preside la Sala el Ilmo. Sr. Magistrado del Juzgado de lo Penal nº 20 de esta ciudad y su Provincia con asistencia de las demás personas mencionadas al objeto de continuar el juicio Oral que viene señalado, siendo las 12:27 horas, COMPARECE el acusado Don xxxxxxxxxxxxxxxx. Por S.S. se declara abierto el acto en audiencia pública, se concede la palabra a la defensa:

# SENTENZA FAVORABLE



Señoría, a través das testemuñas aquí expostas hoxe, non queda probada a culpabilidade de Don xxxx, polo que pedimos a libre absolución para o acusado.

# DIARIO DUNHA NEOFALANTE

18 de outubro de 2000

Hoxe custoume un pouco  
menos... Ainda que sigo sen  
atreverme a falar en galego cos  
meus amigos de sempre... Será  
possible? Esta dobre vida vai  
acabar comigo! Un día vou facer  
a proba: levarei a un colega da  
facultade a tomar algo con nós,  
e non me quedará máis remedio  
que tirarme á piscina! Se me  
vacilan? Que me vacilen! Xa  
está ben de tanta tonteria!

# Próteses lingüísticas



Unha vez, nun país nada, nada afastado vivía un raparigo moi intelixente e simpático. El tiña algo moi especial: tiña a lingua de ferro. Mais non lle pesaba nin lle era incómoda. Era a súa lingua, nacera con ela e xa estaba afeto a falar, xogar, cantar, rir e chorar con ela.

O raparigo chegoulle o tempo de ir á escola. Allí había moitísimos rapaces e rapazas. El mirou que alí case todos tiñan a lingua de prata. E mesmo os que non a tiñan de prata, puxeran unha prótese para ser coma o resto, que lles era incómoda. O raparigo empezou a pensar que el tería que poñela tamén. Era algo que nunca lle pasaria: a súa lingua... díballe vergonha! El ben vía que a súa lingua de ferro non servía, porque todos usaban a de prata. E decidiu poñer a prótese. Custoulle moito adaptarse. A nova lingua feríalle a súa propia, non lle deixaba falar ben... As palabras quedaban soterradas baixo a prótese...



## CANEANDO CAMBADELAS

"-Vai comezar o partido en Balaídos. Está agardando o colexiado a que se cumpra o horario previsto. Está agardando tamén a que se disipe o fume, a néboa que provocaron as vengalas que acenderon os seguidores do Celta. Está todo a punto, todo disposto. Vaia ambientazo! Comeza o partido en Balaídos!

Está xogando o Celta por mediación de Juanfran. O primeiro rexeite que chegou, á contra... Trataba de marchar... Chegou tamén Karpin, que foi o que acabou retrasando para Pinto. Primeiros segundos en Balaídos. O salto de Benni. Tocou o balón Montero. Toca Gustavo López. Acaba de abrir ben para Mostovoi e aguanta aí Mostovoi. Prepara o lanzamento, continúa Mostovoi, o centro coa esquerda, busca a Benni, Makelele.... Gol, Gol, Gol!!!! GOOOOOOOOOOOOOOOOL do Celta. Makélelé!!!

Ver para crer... Apenas nuns segundos... A xogada de Mostovoi, para poñer en táboas a eliminatoria! Era o desexo dos xogadores galegos, acadar un gol ben cedo! As bancadas están que non o cren!!!"



Galicia, século XXI. Pequenos grupos de cyborgs autodidactas constitúense en comunidades virtuais unidas e organizadas en rede para conseguir unha sociedade libre baseada na tecnocultura.

Terán graves inercias e eros estruturais herdados do pasado-presente máis rancio e conservador a derrotar. Pero as súas ansias creativas e transformadoras, os seus deseños de liberdade son fortes.

**'O FUTURO COMIZA HONE'** é o seu berrro de guerrilla.

Serán quen de remover e axitar a rutina do pobo galego na procura do seu desenvolvemento e evolución?

# ARQUEOLOXÍA CON ACENTO PROPIO

“O MÁIS GRANDE PETRÓGLIFO DE SÍRCULOS CONSÉNTRICOS DO MUNDO! E XA FORA DESCUBERTO POLO CURA DA SONA ALÁ POLO SINCUENTA E CATRO! CHAMANLLE DA PORTAXE E TERÁ AI UNS CATRO MIL ANOS... EU SIGO DISINDO QUE A MELLOR FORMA DE CONSERVALOS É CANDO NINQUÉN OS COÑECE. ESTÁN AGHOCHADOS BAIXO A TERRA E A VEXETACIÓN, NON SE PISAN, NIN O AIRE OU A CHOIYA OS DESGHASTAN.

AGHORA ANDAMOS A VOLTAS CO 3D: DE CADA OCO A MÁQUINA FAI MILLEIROS DE PUNTOS E SAE UNHA FOTOCOMPOSICIÓN QUE PERMITE A DIXITALIZACIÓN DAS IMAXES.

SE CADRA DENTRO DUN TEMPO HABERÁ QUE FASER O MESMO COA FALA! MECA!”